

Prólogo de Francisco Conde López, Excmo. Sr. Conselleiro de Economía, Emprego e Industria. Xunta de Galicia.



Hai 50 anos, o mundo académico galego viviu un antes e un despois grazas á creación da Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais en Santiago de Compostela -hoxe Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais- marcando o inicio, na nosa Comunidade, dos estudos de Economía que, posteriormente se estenderían ás universidades da Coruña e Vigo.

Neste medio século o escenario económico galego, pero tamén internacional, ten evolucionado como dá testemuño a prolífica bibliografía que xurdiu grazas aos estudos que comezaron a realizarse e publicarse da man dos novos economistas que se formaron nas súas aulas. Ao longo deste tempo, as súas investigacións axudaron a recoller as distintas realidades de cada momento desde todos os sectores produtivos, e das estruturas sociais, económicas ou empresariais, pasando por fitos como a integración na Unión Europea.

Estes estudos axudaron tanto a comprender a realidade do país como a adoptar decisións que hoxe permítenos ver con perspectiva a evolución non só económica, senón tamén social e cultural do noso país.

Na divulgación de todo este coñecemento, tivo un papel fundamental esta Revista Galega de Economía que desde 1992 contribúe a difundir Galicia no resto do mundo, poñendo a lupa nos temas de actualidade e de interese cidadán e empresarial.

Para esta Comunidade é unha honra contar cunha facultade como esta, un centro de referencia nos estudos de Economía e de Administración e Dirección de Empresas, reflexo tanto do alto nivel e calidade do seu profesorado como da boa preparación do alumnado.

Nos próximos anos, a economía galega deberá enfrontarse aos grandes retos do novo modelo produtivo desta era dixital. Estou seguro de que os estudos económicos galegos saberán darnos as claves para que Galicia avance con éxito na cuarta revolución industrial.

Francisco Conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia.